

En Vigo, a 12 de decembro de 2014

A Xunta Coordinadora da Agrupación de Avogados Novos querevos dar traslado por medio do presente escrito dunha serie de propostas, a fin de coñecer a postura da vosa candidatura con respecto ás mesmas:

**1.- Defensa, apoio e atención permanente ao Colexiado:** defensa conxunta e colectiva do Colexiado ante as súas queixas polo funcionamento dos Xulgados, mediante o traslado das mesmas aos organismos públicos correspondentes (Decanato do Xulgado, Fiscalía, etc.); información ao Colexiado sobre dereitos e obrigas ante unha inspección da Axencia Tributaria; información sobre os novos criterios de Sala da Audiencia Provincial; información actualizada das circulares internas que afectan aos letrados/as (Lexnet, etc.), loita pola mellora das instalacións e dos medios técnicos a disposición de todos/as Colexiados/as (salas de espera, salas de testemuñas/vítimas/denunciados, portátiles, etc.)

**2.- Fomento da participación dos Colexiados** en calquera tipo de decisión que afecte aos seus intereses profesionais. Defensa e promoción do dereito do Colexiado a **participar na xestión Colexial**, establecida no artigo 40.a) dos nosos Estatutos. Apoio no exercicio do dereito de petición de todos os Colexiados.

**3.- Transparencia nos orzamentos e nas contas do Colexio:** cun desglose detallado e cunha información clara e completa aos Colexiados das actividades económicas. Entrega da documentación relativa á distribución e administración dos fondos do Colexio.

**4.- Cota Colexial progresiva:** cotas máis baixas nos primeiros anos de Colexiación en progresivo incremento durante a vida do exercente ata un máximo. Modelo xa en funcionamento en multitude de Colexios de España.

**5.- Loita e mobilizacións** do Colexio contra **normativas** que afecten á **tutela xudicial efectiva (taxas xudiciais, xustiza gratuíta, etc.) ou que supoñan unha restrición de dereitos, garantías e liberdades:** maior protagonismo nas manifestacións e nos medios de comunicación a fin de acadar o apoio da cidadanía e maior impacto social.

**6.- Implicación permanente do Colexio na defensa do partido xudicial de Vigo.**

**7.- Integración da Oficina de Intermediación Hipotecaria no Colexio de Avogados de Vigo:** mediante a firma dun convenio e a prestación do servizo nas instalacións Colexiais, igual que sucede en moitos outros Colexios en España, promovidos ademais polo CGAE para informar gratuitamente a persoas sen recursos en risco de exclusión.

**8.- Conciliación da vida laboral e familiar dos/as avogados/as:** servizo de gardería nos xulgados ou firma de convenio con gardería próxima; especial atención á flexibilidade na suspensión dos sinalamentos e dos prazos para compañeiras embarazadas ou en período de lactancia. Sinatura dun convenio oficial co Decano dos xuíces de Vigo en materia de conciliación.

**9.- Modificación da data habitual de celebración das Xuntas Xerais** (tanto ordinarias como extraordinarias): habitualmente se celebran en día laborable (venres) ás 10:00 horas, imposibilitando a asistencia de moitos/as Colexiados/as.

**10.- Ampliación das xornadas electorais:** 4 horas pola mañá e 4 horas pola tarde, para facilitar a participación dos electores.

**11.- Modificación do voto por correo:** flexibilización do criterio para o voto por correo, a fin de facilitar a participación tanto na xuntas coma nas xornadas electorais.

**12.- Defensa da quenda de oficio:** mellora das condicións dos avogados/as da quenda de oficio. Actualización dos honorarios de xustiza gratuíta. Negociación de **prazas de aparcamento preferentes para letrados/as de garda.**

**13.- Bolsas de formación** para os compañeiros/as que carecen de recursos e/ou están comezando o exercicio da profesión. Posibilidade dun **Bono Anual de Formación** para colexiados nos dous primeiros anos de exercicio.

**14.- Fomento da formación dos avogados/as:** cursos, congresos, seminarios, coffe-breaks, mesas redondas, conferencias, etc, perfeccionamento da actividade profesional e da formación dos colexiados/as ante o constante cambio de normativas que afectan a nosa profesión.

**15.- Asistencia** dun membro da Xunta Coordinadora de **Avogados Novos ás Xuntas de Goberno do Colexio**, tendo como mínimo voz para participar nelas.

**16.- Invitación permanente** a un membro da Xunta Coordinadora de **Avogados Novos** á mesa institucional nos **actos de xura de novos colexiados do Colexio.**

**17.-** Remisión automática por parte do Colexio dunha **carta explicativa de Avogados Novos a cada un dos novos colexiados/as.**

**18.- Modificación dos estatutos do Colexio:** teñen máis de 10 anos, e consideramos que debería modificarse cuestións como: limitación de mandato, dereitos dos colexiados, réxime electoral, etc.

**19.- Mellora da bolsa de traballo do Colexio:** maior facilidade para a comunicación despachos-avogado na busca de oportunidades laborais ou de colaboración. Creación dun foro organizado polo Colexio onde se poida intercambiar información acerca das ofertas/demandas profesionais e laborais nos despachos en Vigo (seguindo un modelo semellante a Vigoemprega).

**20.- Creación dun Servizo de Atención ao Colexiado:** lugar onde facer consultas, reclamacións, suxestións, informar de incidencias no xulgado, actualizar os teus datos e facer de forma áxil trámites e xestións necesarias para o exercicio da profesión.

Quedamos á espera da vosa consideración a cada un destes puntos por separado, pregándovos que nos remitades a resposta antes do martes 16 ao mediodía por correo electrónico á seguinte dirección: [abogadosjovenesvigo@gmail.com](mailto:abogadosjovenesvigo@gmail.com), **xunto co voso programa oficial**, a fin de poder **informar aos membros da nosa Agrupación antes das eleccións do vindeiro venres 19 de decembro da vosa postura.**

Sen máis, recibide unha aperta.  
Xunta Coordinadora Avogados Novos de Vigo